

STANDS EXTERIORES



Os nosos stands exteriores están construídos enteiramente con materiais de alta calidade pioneiros para este tipo de instalacións. O exterior dos stands é de fibra de cor branca sobre unha estrutura metálica, taboleiro fenólico de alta resistencia de cor beixe no interior, con divisións con cremalleiras, tanto en paredes como no teito, que sirven para a instalación do mobiliario complementario, zócalo de aluminio, parquet no chan, aillamento térmico de poliuretano expandido, 6 focos halóxenos no teito, cadro eléctrico e enchufe nun lateral, peche con persiana enrolable de seguridade de aluminio branco totalmente automática. Todos estes materiais, incluso os de interior, están pensados para poder ser usados á intemperie, superando con éxito todo tipo de inclemencias metereolóxicas.

Os stands exteriores teñen unha superficie útil de 8 m², cunhas dimensión exteriores de 3,41 m de fronte, 2,45 m de profundidade e 2,80 m de altura; a dita altura sobresaile cun ángulo de 90° unha viseira de 1,67 mts. As dimensións interiores son de 3,30 m de fronte x 2,34 m de fondo x 2,43 m de altura.

Andamios ck, S.A. Vigovidín – Almeiras 15174 Culleredo (La Coruña)
Telf.: 902 10 80 00 – 981 61 20 91 – 981 66 73 66 Fax: (981) 65 06 13
info@andamiosck.com - sonia@andamiosck.com
www.andamiosck.com



Os stands só necesitan ser conectadas a un cadro eléctrico ou xerador cunha tensión de 220 voltios e corrente monofásica.

A gran novidade destes stands exteriores é que non son desmontables; transpórtanse nunha única peza.

O peche faise cunha persiana metálica de seguridade con peche automático con mando a distancia e/ou pechadura manual con chave; contan cun motor con sistema de desbloqueo e receptor que se instalou baixo o parquet nunha caixa aillada para evitar problemas de humidade.

Contan no seu interior cun cadro eléctrico individual cunha potencia máxima de 3.450 w., 1 interruptor de alumado, 1 interruptor para a persiana e 1 enchufe. A potencia máxima a enchufar –sempre que así o permita a instalación xeral- é de 3.000 W, pois o alumado en base a 6 focos halóxenos de baixo consumo só consumen 150 w.

Dispoñemos para a decoración interior do stand de mobiliario acorde, segundo catálogo.

Andamios ck, S.A. Vigovidín – Almeiras 15174 Culleredo (La Coruña)

Telf.: 902 10 80 00 – 981 61 20 91 –981 66 73 66 Fax: (981) 65 06 13

info@andamiosck.com - sonia@andamiosck.com

www.andamiosck.com